



CONCELLO DE TEO

D^a VIRGINIA FRAGA DÍAZ, SECRETARIA XERAL DO CONCELLO DE TEO (A CORUÑA)

CERTIFICA:

Que a sra. alcaldesa, con data de 22 de outubro de 2025, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN :

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DE 2 COLUMBARIOS NO CEMITERIO MUNICIPAL. D. ÁNGEL LUIS HUESO MONTÓN (2025/X999/000633)

EXPEDIENTE: 2025/G003/001332

Considerando que, mediante Decreto da Alcaldía do 12 de setembro de 2013 (res 714/13), acordouse facer público que, finalizado o procedemento de concesión dos columbarios do cemiterio municipal, incoado mediante Decreto da Alcaldía do 9 de novembro de 2012, quedaron libres os columbarios que se detallan no citado Decreto, cuxa adxudicación efectuarase coas formalidades previstas no prego de condicións aprobado mediante Resolución da Alcaldía de 16 de novembro de 2012 (res 828/12) e no Regulamento do cemiterio municipal, coas particularidades que se detallan no capítulo VI do citado prego, a favor daquelas persoas que así o soliciten, atendéndose ao criterio relativo á orde de entrada no Rexistro xeral do Concello de Teo.

Considerando que, con data de 9 de setembro de 2025 (rex. entrada nº 4127), presentouse a solicitude de 2 columbarios no cemiterio municipal por D. Ángel Luis Hueso Montón, con DNI ***3229**.

Considerando que ao atoparse correcta a solicitude presentada, xunto coa documentación que a acompaña, procedeuse a realizar, con data de 8 de outubro de 2025, proposta de adxudicación a favor do interesado, de conformidade co previsto na cláusula 19 do prego de condicións, requiríndolle para que procedera ao aboamento das tarifas correspondentes.



CONCELLO DE TEO

Considerando que a citada proposta foi notificada ao interesado na mesma data (rexistro de saída nº 2.472), publicándose na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios tamén na mesma data.

Considerando que, dentro de prazo habilitado ao efecto, procedeuse ao ingreso da tarifa correspondente polo interesado, tal e como se acreditou mediante o xustificante de aboamento presentado no concello con data de 20 de outubro de 2025 (rex. entrada nº 4695).

Vista a proposta da alcaldía de asignación concreta de columbarios de 21 de outubro de 2025.

En virtude do exposto e no uso das facultades que me confire a normativa vixente,

RESOLVO:

Primeiro.- Adxudicar a concesión do uso privativo dos columbarios B16 e C16 do Bloque 2, do cemiterio municipal do Concello de Teo, a D. Ángel Luis Hueso Montón, con DNI ***3229**, polo prazo de 75 anos, con arranxo ao prego de condicións aprobado mediante Decreto da Alcaldía do 16 de novembro de 2012, ao Regulamento do cemiterio municipal e demais normativa aplicable.

Segundo.- Requirir ao adxudicatario para que, dentro dos dez días hábiles seguintes á notificación do presente, acredite a constitución da garantía definitiva equivalente ao 3% do valor de dominio público obxecto de ocupación, que poderá constituírse en calquera das formas previstas no artigo 108 da LCSP (Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público). A estes efectos faise constar que, segundo a documentación que obra no expediente e conforme ao prego de condicións, o importe da garantía definitiva, por cada columbario adxudicado, ascende a 6,28 €, sendo o total de 12,56 €.

Dita acreditación deberá efectuarse mediante a presentación, no rexistro xeral do concello, do documento acreditativo de constitución da garantía definitiva.



CONCELLO DE TEO

Terceiro.- Notificar o presente ao interesado, con sinalamento dos recursos procedentes, advertíndolle que o incumprimento do requisito previsto na parágrafo anterior, por causas que lle sexan imputables, impedirá a formalización da concesión ao seu favor.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre.

E para que así conste, expido e asino a presente, de orde e co visto e praxe da sra. alcaldesa, en Teo na data da sinatura dixital que figura na marxe.

Vº e praxe

A secretaria xeral

A alcaldesa

Virginia Fraga Díaz

Lucía Calvo de la UZ